

O presente documento elabórase para dar resposta a unha actividade de avaliación da materia de Acción Socioeducativa con Minorías e Colectivos Vulnerables, cursada no primeiro cuadrimestre do terceiro ano do grao en Educación Social pola Universidade da Coruña (UDC). A maiores, propónse a posibilidade de participar no VII Encontro Internacional da Rede Acampa pola paz e o dereito ao refuxio, que se celebra o mes de xuño de 2023 na cidade da Coruña.

Neste encontro o eixo central son os discursos de odio ou, seguindo a Cortina (2017), monólogos. Estes monólogos baséanse no desprezo e estigmatización dun individuo, atribuíndolle actos prexudiciais para a sociedade aínda que sexa difícil comprobar a súa veracidade (Cortina, 2017).

Igualmente difícil é corroborar que o monólogo ten como fondo o odio e, nos peores casos, o propio delito. De feito, podemos recordar o caso de Samuel na cidade da Coruña, o mozo asasinado a grito de maricón, e aínda así existiu debate en torno a se había ou non odio. O debate é claro, aos denominados discursos de odio oponse a denominada liberdade de expresión, mais, onde remata?

Miguel Revenga (cit. en Cortina, 2017) fala de tres tipos de democracia: a tolerante, a intransigente e a limitadora; para facer referencia ata que punto estaría disposta a chegar unha sociedade para defender a mencionada liberdade. Seguindo a Cortina (2017), podemos identificar o erro en todas elas. Primeiro, a virtude da tolerancia pode favorecer as actuacións verbais das persoas intolerantes, por iso a virtude que se debe cultivar é o respecto máis aló da tolerancia; segundo, a democracia intransigente pode recortar en exceso a liberdade; e, por último, a limitadora impide a reforma da Constitución cando, como calquera texto, é e debe ser revisable na medida en que as sociedades cambian e evolucionan.

Así, o medidor da democracia debera ser o respecto mutuo entre persoas, ausente nos devanditos monólogos de odio.

Seguindo a Cosmovisión Maia, o corpo mantén contacto directo co universo e, por iso, coa contorna social e natural, a través da súa enerxía, denominada electricidade baixa, entra en contacto cos campos electromagnéticos do universo. Así mesmo, o corpo é o que garda os recordos dos golpes, humillacións e rexeitamentos sufridos ao longo da nosa vida (KAQLA, 2010). É o que garda recordo e sofre os devanditos discursos de odio mentres a memoria esquece para poder seguir adiante.

Deste xeito, conectar co noso corpo, coa nosa enerxía, conéctanos co mundo, fainos tomar consciencia das situacións de opresión, da desigualdade, das discriminacións, do

racismo (KAQLA, 2010), e de todos os ismos latentes na nosa sociedade. A cartografía corporal preséntase así como forma de conectar co corpo.

A continuación presento a miña propia, baseada na súa maior parte nas tatuaxes que teño no corpo xa que, antes de sabelo, estaba a facer unha cartografía na pel. Conecto o meu corpo dende unha perspectiva privilexiada, son muller, branca, nova, heterosexual... Conecto cos discursos dirixidos ás mulleres, á loita das mulleres, á sexualidade das mulleres. Conecto tamén cos discursos dirixidos á clase traballadora, esa que levanta o país na sombra, esa á que ninguén quere pertencer, esa que vive en rúas onde podes ver e aprender de todo. Esa que debería erguer a man e dicir que somos o sostén das comunidades e do futuro.

Quizais un dos primeiros recordos nítidos que teño da miña avoa (de aquí en adiante *yaya*) é de cando o meu avó e mais eu nos pintamos toda a cara co seu lapis de labios vermello. Que vermello. “Devólveme o vermello putón!” Decía mentres nós estoupabamos da risa. Vermello putón... Que é iso?

Outros recordos nítidos súmanse a este. Costoulle moito estar orgullosa de ser a primeira moza de Maniños en levar minisaia e tinxir o pelo de azul, e rosa, e lila, e vermello... putón? Moito, digo agora, anos máis tarde e sesións de psicoloxía detrás e presentes.

“Queda moito por loitar”, díxome un día. E souben a que se refería cando escoitei un día “puta!” ás costas. Tamén eu levaba minisaia aquel día, e vírame guapísima. Costoume volver a poñela despois daquilo. De aí en adiante coñecín e integrei todo tipo de sinónimos: furcia, luma, fulana, guarra (e eu lavábame, xúroo)... Un sen fin deles. E pequena, aínda estaba na Primaria a primeira vez que mo chamaron, que cousas. A última vez sería fai uns meses: “puta que o único que quere é o diñeiro”. Mellor non digo quen o expresou.

Tamén escoitei como llo chamaron á miña nai. E súmase o feito de que estivo vivindo fóra, mentres estaba casada! Cuestións de traballo claro, pero había quen pensaba que non. A Guiller (meu pai) téñenlle dito que andaba por aí con outros, e el mesmo tenllo botado en cara.

Aínda por riba, vivindo coa miña madriña, que esa non só é puta, senón tamén *bollera*. Que tolas, que desmadre, vaia festas debían botar ambas as dúas no Carballiño, ou en Boimorto, ou en Mondariz, ou en Mos, ou en Porriño, ou en Salvaterra... Ou vete saber onde perdeu Xesús a chancleta.

Hai que dicir que foi peor cando marchei de onde meu pai, cando se separaron... Ai... Entón non só puta, tamén mala nai, como me permite iso? Unha filla ten que querer a seu pai...

Todas esas historias, dende a *yaya* ata madriña e mamá, gárdoas con moito agarimo nunha Frida Kahlo que ten os lunares da miña nai (Imaxe 1). E únenos o índice esquerdo, onde todas levamos o símbolo da muller, representando a forza, a sororidade (Imaxe 2).

Imaxe 1. Frida Kahlo en estilo fine line



Imaxe 2. Símbolo da muller



De feito, e mencionando a Frida, foi nun libro que falaba sobre ela onde lin por vez primeira a palabra Resiliencia. Nin idea do que era e non entendía o contexto. Busquei. “Capacidade dos seres humanos para adaptarse positivamente ás situacións adversas” (Real Academia Galega, s/d, segunda acepción). Automaticamente, a imaxe da miña nai, fóra da casa, veume á mente. A imaxe da miña avoa, que con case oitenta anos acaba de deseñar quince mandís, trinta e catro bolsas de calor, catro salva-manteis e seis pares de manoplas de cociña con teas africanas que trouxo a miña madriña dun dos cinco viaxes que fixo a Mali e Senegal para cooperar nun proxecto de autonomía para mulleres. Todo o anterior para un mercado solidario de Nadal, cuxos ingresos destinaranse integramente a Djouma, a entidade coa que colabora madriña e da que creamos a delegación ferrolá fai uns meses entre as catro.

Deseñou tamén o meu vestido de fin de ano de 2019, e tantos outros para a miña nai no pasado, e o vestido de noiva desta, e o seu propio vestido de noiva, cando ela e meu avó aínda vivían nunha habitación.

Penso en resiliencia e penso en tantas historias do rueiro... Aquel rapaz á que lle tiñan medo, que andaba metido en enredos malos, pero era un anaco de pan, e a pesar de que lle repetiron ata a saciedade que non ía chegar a nada, é dobremente técnico

superior. Aquela outra rapaza que tampouco ía chegar a nada e tiña enredos raros, e ten o seu propio negocio. Outro rapaz que tamén ten negocio propio cando non ía chegar a nada. Outro que comezou traballar con catorce anos e agora ocupa un posto de traballo súper importante. Outra que se negou a casar e tivo que marchar. Outra que se criou a si mesma e está dando os primeiros pasos do seu futuro brillante. Outro que se cambiou de nome e agora tamén ten un posto de prestixio e traballa fóra. Ten bo soldo e vén cada dúas semanas a vernos ao resto. Outro que fai pouco sobreviviu a vinte coiteladas, porque non estudaba nada, pero acordábase dos primeiros auxilios. Outro que saíu da merda e está botando raíces de novo. Podería seguir ata unha infinidade, e todas esas historias, levareinas sempre comigo (Imaxe 3), porque nunca hai que esquecer de onde vén unha.

Imaxe 3. Resiliencia en estilo fine line



E falando de resiliencia tamén coñezo outro caso dunha moza que algún día decidiu poñerse calcetíns no sostén. Que por casualidade entrou nunha web chamada *Ana y Mía* e probou a poñerse un folio A4 na cintura ata que conseguiu que a cintura non se vira. Que con intención, espallaba a comida no prato para semellar que comía máis do que facía. Que se caía cada dous por tres porque non tiña como manterse en pé, pero

ninguén miraba. Que non puxo un top curtiño ata os dezaseis anos, cando pensou mellorar (Imaxe 4).

Imaxe 4. "Perfection is the disease of the nation" en estilo fine line



A primeira vez que te miras ao espello e te ves guapa é como cando fagas dezoito anos e che piden o DNI no súper.

Unha vez a profesora de danza, precisamente para preparar a coreografía da canción da Imaxe 4, tívonos unha hora fronte ao espello, case a escuras, e sen ruído. Choramos todas. Mais podo asegurar que foron os cinco minutos de felicidade máis intensa que recordo. A primeira vez que me vin guapa.

Volves caer, sobre todo cando non levas un estilo de vida que chaman agora "saudable". Calquera día tomas unhas cerveciñas cando ninguén mira, porque a alma doe e todas as persoas que queres están lonxe, ou máis ben apartáronas de ti. E calquera fin de semana non recordas o que fixeches os dous días anteriores, só que chegaches ás doce da mañá mentres unha señora co seu fillo pola rúa che dixo que dabas asco e cambiou de calzada

co neno. Pasan cousas que aínda toman forma de pesadelos na actualidade, pero cando te apartas del, e de todo iso, tocas fondo e colles forzas, e voas (Imaxe 5).

Imaxe 5. Victoria de Samotracia estilo fine line



As amigas dixeron que era malo, que me trataba mal, pero el me quería tanto. Queríame tanto que me quitou todo e Laura levou varios sustos comigo. Pero non me quitou o pensamento, que é o que, ao meu parecer e cada vez confírmome máis, da ás para voar.

Precisamente Laura foi a rede de apoio que me quedou (recordemos que a miña nai e madriña estaban fóra, a miña avoa é maior e hai cousas que é mellor que non saiba, e a situación co resto dos meus tíos non era favorable) e, non sei se se sabe, pero os elefantes son animais moi familiares, que nunca abandonan a un no camiño (Imaxe 6).



Imaxe 6. Elefante debuxado por Laura en estilo fine line



Mentres o mundo se desordenaba, un anxo marchou porque quería marchar. Hai xente para todo nesta vida. Egoísmo din algunhas persoas, valentía, din outras. A verdade é que ningunha desas persoas comprende que precisamente marchou porque estamos moi acostumadas e acostumados a dar opinións cando non se piden nin son necesarias. Que cousas!

A cuestión é que marchou porque tiña que marchar, porque xa foran varias as veces que se lle impediu, que tivo que buscar as súas propias ás para que ninguén puidera atarlle os pés ao chan.

Xa mo dixeran cando foi o meu avó, que unha persoa non morre ata que morre o seu recordo. Os anos están moi vistos, así que eu gardo as almas que me acompañan nunha avelaíña, porque nas tatuaxes clásicas a avelaíña simbolizaba a alma (Imaxe 7).

Imaxe 7. Mandala con aveláña en estilo xeométrico



Supoño que ás veces é normal pensar que vaia asco de vida. Que unha tras outra. Ademais, despois de catro anos traballando na hostalaría dinme de conta da maldade da xente. A ver, non é maldade, son prexuizos.

Como camareira comprendín que moitas das persoas que atendía no día me consideraban a súa criada. Creo que calquera persoa que traballara ou traballe en hostalaría podería confirmalo. Touréanche coas comandas, se algo non está ben, é porque te equivocaches ti, non elas ou eles, evidentemente.

“Ti non sabes quen son eu”, díxolle un señor un día á xefa. Pois claro que non, a quen lle importa? Tes o cu sentado e es un cliente máis. Non sei se eran peores eses perfís de clientela, ou os que semellaba que querían quedarse a quitar o lixo, e teñen dito coa cabeza ben alta, que un bar debe pechar cando se levante o último cliente da mesa. Na hostalaría non hai horarios... Nin en Nadal, que cheguei á cea ás dez e media da noite, case doce horas despois de entrar a traballar. E a xente dicía: Tranquila! Non temos presa. Xa, Manola, pois eu si.

Unha cousa curiosa é que un día chegou unha das profes do instituto que me dixera que non ía chegar a nada. “Carai! Se estás traballando”, díxome. “Pois si, levo xa catro anos facéndoo (daquela tiña vinte anos) e tamén conseguín estudar”. A súa cara. Ogallá puidera retratala. Tiña os ollos abertos como pratos, a cor vermella subiulle polo pescozo, e nesa boca entraban polo menos cinco moscas.

Unha cousa parecida pasoulle a un vello compañeiro da Primaria e a ESO que, despois de presumir do moito que lle estaba costando o dobre grao, me preguntou canto levaba traballando naquel sitio. A resposta foi a mesma, e neste caso relateille todo o meu currículo (que a día de hoxe xa ten unhas cantas liñas máis).

Todo hai que dicilo, eu tamén teño estereotipos metidos na cabeciña. “Complexo de pobre” denominámolo miña parella e mais eu un sábado á noite. Podería dicir que é o mesmo ao que fai referencia Freire cando di que a persoa oprimida vive na dualidade de ser oprimida e opresora, tamén porque quere parecerse a quen oprime, pensando (erroneamente) que así se liberará da súa condición de opresión. E é o mesmo que quixen poñer na pel coa Medusa de Versace (Imaxe 8). Porque os erros, para remedialos, primeiro hai que asumilos.

Imaxe 8. Medusa de Versace en estilo fine line




En relación con isto, sempre me chamou enormemente a atención como cambia o significado da felicidade segundo onde te movas. E teño que dicir que para iso América Latina sempre me namorou polo seu sentido de felicidade (nos barrios pobres, claro). Cada vez que falaba coa nai colombiana dun amigo, me interesaba máis. Outra historia de resiliencia.

Finalmente, tras este espido case integral (hai segredos que o serán para sempre), na Imaxe 9 presento o resultado final da miña cartografía corporal, que tamén explica un pouco a escolla dun grao como o de Educación Social.

Un día un profesor do ciclo dixo nunha clase de empresa que tiñamos que mirar a contorna, determinar unha necesidade e darlle resposta. Un pouco aplicado a isto, detectei unha necesidade no rueiro e, aínda que lonxe de darlle resposta, sempre é importante ser parte da ola que move a area da praia. Non é doado, xa o dicía Revólver: “la riada de gente es tan densa, que cuesta trabajo caminar al revés” (1996), mais paga a pena.

Imaxe 9. Cartografía corporal



### *Bibliografía*

Cortina, A. (2017). ¿Cómo superar los conflictos entre el discurso del odio y la libertad de expresión en la construcción de una sociedad democrática? *Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, 94, pp. 79-90.

Knowles, B., Coleman, J. e Furler, S. (2013). *Pretty Hurts*. Sencillo.

Mujeres Mayas KAQLA (2010). *Rub'eyal Qak'aslemal*. Caminos para la plenitud de las mujeres mayas y nuestros pueblos [Archivo PDF].

Revólver (1996). *Calle Mayor* [Canción]. En *Calle Mayor*. Groove Masters, Los Ángeles.